



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 8 DE XUÑO DO 2017.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D^a María Herminia Pouso Maneiro</p> <p>Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey</p>	<p>Interventor en funcións: D. Jorge González Mariño</p> <p>Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día oito de xuño do dous mil dezasete, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 1 de xuño de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación





B) PROPOSTAS DE GASTO.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	01/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de desbroce de 3 Ha na zona do merendeiro de Couso		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.		
NIF/CIF:	B15555923		
Importe (IVE incluído):	497,31 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	05/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Impresión e colocación de 2 pracas de metacrilato 150x80 con indicación de rutas no Parque de San Roque e Parque Natural		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSIQUICA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSIQUICA		
NIF/CIF:	G15747678		
Importe (IVE incluído):	491,26 €		
Observacións:			

Nº Proposta	3	Data	05/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de inspección e certificación das instalacións do Ecoparque de San Roque		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADELL RIESGOS Y PREVENCIÓN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ADELL RIESGOS Y PREVENCIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B64399793		
Importe (IVE incluído):	937,75 €		
Observacións:			






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	4	Data	02/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Monitorado, montaxe e desmontaxe de inchables e equipo de son na Praza do Concello, o día 10/06/2017, co motivo da celebración da Noite Aberta		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70072905		
Importe (IVE incluído):	259,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	02/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Actuación do grupo de gaitas Xoldra Rachada, o día 10/06/2017, co motivo da celebración da Noite Aberta		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL XOLDRA RACHADA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL XOLDRA RACHADA		
NIF/CIF:	G70452305		
Importe (IVE exento):	250,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	02/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Disparo de bombas co motivo da celebración das Festas de Artes os días 16 a 18/06/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PIROTECNIA RICARDO RESÚA, S.L.		
NIF/CIF:	B15367592		
Importe (IVE incluído):	1.403,60 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	02/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer, colocación e retirada de alumado ornamental co motivo da celebración das Festas de Artes os días 16 a 18/06/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Informe:		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.	
NIF/CIF:	B15970692	
Importe (IVE incluído):	1.524,60 €	
Observacións:		

Nº Proposta	8	Data	29/05/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reconstrución de pontón sobre o Río Artes no lugar de Muíño de Correa		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- CANARGA, S.L. - CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. - CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (24/04/2017)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CANARGA, S.L.		
NIF/CIF:	B15360902		
Importe (IVE incluído):	12.108,42 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	30/05/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Producción e emisión de 50 cuñas con publicidade a emitir en COPE As Rías durante os meses de xuño, xullo e agosto 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	RADIO POPULAR, S.A. COPE
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	RADIO POPULAR, S.A. COPE		
NIF/CIF:	A28281368		
Importe (IVE incluído):	1.815,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	10	Data	06/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de páxina publicitaria en monográfico especial turismo o día 15/06/2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000649		
Importe (IVE incluído):	2.178,00 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	11	Data	06/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais de fontanería para mantemento e reposición dos sistemas de rego nos xardíns municipais		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- HIDRÁULICA MARIÑO, S.L. - VÍCTOR MANUEL PAZ ROMAY - PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación:			
Denominación:	HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.		
NIF/CIF:	B15122344		
Importe (IVE incluído):	1.305,71 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	06/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de fotogrametría con drones (aprox. 23 Ha) na zona onde se pretende ubicar o novo polígono industrial de Palmeira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERNANDO BETETA GARMENDIA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación:			
Denominación:	FERNANDO BETETA GARMENDIA		
NIF/CIF:	33236642D		
Importe (IVE incluído):	968,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	06/06/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Prestación de servizos para a atención e información catastral ao cidadán no Concello de Riveira ao longo de dous días ao mes, por un período dun ano por parte dun técnico especializado en local municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EIBISA NORTE, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación:			
Denominación:	EIBISA NORTE, S.L.		
NIF/CIF:	B15419906		
Importe (IVE incluído):	9.292,80 €		
Observacións:			

III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruíz Rivas, de data 25/05/2017 “Decreto: Aprobación das bases para a contratación laboral de dezaseis (16) peóns de limpeza de praias nos meses de xullo e agosto do ano 2017”.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

1.- EXPEDIENTE PARA A ADXUDICACIÓN, POLA VÍA DE URXENCIA, DE CATRO POSTOS PARA INSTALACIÓNS DE TEMPADA EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NA TEMPADA DE VERÁN 2017.

Visto o expediente de licitación que se tramita para a adxudicación, pola vía de urxencia, de catro postos para instalacións de tempada en terreos de titularidade municipal na tempada de verán 2017.

O prego de condicións económico-administrativas reitores da adxudicación foi aprobado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 16 de marzo de 2017, no que tamén se aprobou o expediente e se dispuxo a apertura do procedemento de licitación.


A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 57, de data 24 de marzo de 2017, e nos taboleiros de anuncios da Casa do Concello de Riveira e da páxina web oficial.

Á vista do extracto de consulta do Rexistro de Documentos de Entrada, emitido ao finalizar o prazo de presentación de ofertas, na data do 19 de marzo de 2017, e da documentación obrante no Servizo de Medio Ambiente, conclúese que entre as datas do 27 de marzo e o 18 de abril de 2017 presentaron oferta na licitación obxecto deste expediente as seguintes persoas físicas:

- 1.- D. Manuel Andrés Sousa Fernández, oferta rexistrada de entrada con data 5 de abril de 2017, núm. 5.645.
- 2.- D. David Fernández Fernández, oferta rexistrada de entrada con data 11 de abril de 2017, núm. 6.022.
- 3.- D. Álvaro Muñiz Brea, oferta rexistrada de entrada con data 12 de abril de 2017, núm. 6.098.
- 4.- D. Pablo Pérez Escariz, oferta rexistrada de entrada con data 12 de abril de 2017, núm. 6.145.
- 5.- D. Dino René Vivanco Vilches, oferta rexistrada de entrada con data 18 de abril de 2017, núm. 6.297.

A apertura pública dos sobres coas ofertas presentadas realizouse pola Mesa de Contratación en reunión da data 25 de abril de 2017, na que, logo da lectura das





proposicións formuladas, acordouse requirir emenda de documentación aos seguintes ofertantes: D. David Fernández Fernández, D. Álvaro Muñiz Brea, D. Pablo Pérez Escariz e D. Dino René Vivanco Vilches.

Con data do 26 de abril de 2017 efectuáronse os requirimentos formais, outorgándose un prazo improrrogable de dous (2) días hábiles para aportar a documentación.

Visto que a documentación requirida foi emendada correctamente, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 2 de maio de 2017, acordou:

“Primeiro. De conformidade co disposto no artigo 7 do Prego, clasificar as ofertas recibidas en función da orde de preferencia e prezo ofertado, coa seguinte proposta de adxudicación:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	POSTO	PREZO OFERTADO
D. Manuel Andrés Sousa Fernández	Touro	800,00 €
D. David Fernández Fernández	Coroso 2	2.500,00 €
D. Pablo Pérez Escariz	Coroso 1	1.003,00 €
D. Dino René Vivanco Vilches	Ameixida	1.500,00 €

Segundo. Remitir a proposta de adxudicación ao Órgano de Contratación.


Terceiro. Requirir aos licitadores para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles, contados dende o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, presenten garantía ou fianza de conformidade co previsto no artigo 9 do Prego.”

Visto que o Servizo de Medio Ambiente do Concello efectuou unha consulta aos servizos técnicos do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para coñecer os detalles do procedemento de autorización, co fin de axilizar os trámites nos que intervéñen a Administración Local; e que nesa consulta púxose de manifesto a imposibilidade de que por parte do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da CMAOT se autorice unha ocupación para instalacións desmontables maior de 20 m² superficie na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, de conformidade co previsto no artigo 2.b.i) do Decreto 158/2005, do 2 de xuño, polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Visto que no expediente de licitación preveuse autorizar dous postos na praia de Coroso e un na praia de Touro-Punta Touro que precisarían de autorización da Administración Autonómica por localizarse os terreos municipais na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Visto que os límites máximos de superficies que se poderán ocupar cos postos, segundo o prego, son os seguintes (incluída a terraza):

Praia de Coroso:
Posto número 1: 25 m²





Posto número 2: 50 m²
Praia de Touro-Punta Touro:
Posto número 1: 25 m²

A Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data do 15 de maio de 2017, acordou:

Primeiro. Adecuar a superficie proposta para utilización co posto núm. 2 da praia de Coroso, que pasará a de 50 a 25 m², sen prexuízo de que a superficie máxima ocupada coa instalación desmontable non poderá exceder de 20 m².

Segundo. Deixar sen efecto a proposta de adxudicación do posto núm. 2 da praia de Coroso e proceder á súa licitación, nas condicións modificadas, abrindo un prazo de presentación de ofertas de TRES (3) DÍAS HÁBILES, a contar dende a data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da provincia de A Coruña.

Terceiro. Continuar o procedemento de adxudicación dos restantes postos nas condicións sinaladas no prego.

Visto que a nova licitación para posto núm. 2 da praia de Coroso se anunciou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 93, de data 19 de maio de 2017, e no taboleiro de anuncios da páxina web oficial.

Á vista do extracto de consulta do Rexistro de Documentos de Entrada, emitido ao finalizar o prazo de presentación de ofertas, na data do 30 de maio de 2017, e da documentación obrante no Servizo de Medio Ambiente, conclúese que entre as datas do 22 e o 24 de maio de 2017 presentaron oferta na licitación obxecto deste expediente as seguintes persoas físicas:

Único.- David Fernández Fernández, oferta rexistrada de entrada con data 24 de maio de 2017, núm. 8.435.


Visto que se presentou a fianza en metálico que se indica a continuación:

a) De David Fernández Fernández, por importe de 500 euros, segundo Talón de Cargo expedido polo departamento de contabilidade deste Concello na data do 8 de xuño de 2017.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

Adxudicar o posto que se indica a continuación para instalación de tempada en terreos de titularidade municipal na tempada de verán 2017, nas condicións e coas obrigas que se indican no artigo 9 do Prego reitor do expediente:

ADXUDICATARIO	POSTO	CANON OFERTADO
David Fernández Fernández	Coroso 2	1.000,00 €





2.- APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DO USO E EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-HOSTALERÍA E DO ECOPARQUE SITOS NO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE (RIVEIRA).

Dado o interese que pode ter a posta en funcionamento e explotación do quiosco de hostalería (con terraza), así como a xestión do ecoparque en terreos de titularidade municipal sitos no Parque Periurbano de San Roque (Riveira), para dar servizo aos usuarios do Parque periurbano de San Roque e á cidadanía en xeral.

Visto o documento “PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DO USO E EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-HOSTALERÍA E DO ECOPARQUE SITOS NO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE (RIVEIRA)”.

Visto que a superficie e instalacións son de titularidade municipal e preténdese outorgar autorización administrativa de uso privativo dos devanditos bens de dominio público.

A **Xunta de Goberno Local**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015, por unanimidade dos presentes, **adopta os seguintes acordos:**

Primeiro.- Que se incorpore ao expediente a documentación oportuna.

Segundo.- Aprobar o documento denominado “PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DO USO E EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-HOSTALERÍA E DO ECOPARQUE SITOS NO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE (RIVEIRA)”, de data 30 de maio de 2017, que rexerá a tramitación do expediente de autorización para o uso e explotación do quiosco de hostalería (con terraza), así como a xestión do ecoparque en terreos de titularidade municipal sitos no Parque Periurbano de San Roque (Riveira).

Terceiro.- Aprobar o expediente e dispoñer a apertura do procedemento de licitación.

Cuarto.- Remitir o acordo adoptado para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e na páxina web oficial do Concello de Riveira para xeral coñecemento.

PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN POLA VÍA DE URXENCIA DO USO E EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-HOSTALERÍA E DO ECOPARQUE SITOS NO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE (RIVEIRA).

1º.- Obxecto.

O Concello de Riveira convoca unha licitación coa finalidade de proceder á adxudicación do quiosco de hostalería (con terraza) así como a xestión do ecoparque en terreos de titularidade municipal, sito no Parque Perirubano de San Roque.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

2º.- Superficie de ocupación.

O límites máximos de superficie que se poderán utilizar son os seguintes:

Instalación Quiosco-hostalería:
superficie: 88,51 m²

Terraza Quiosco-hostalería:
superficie: 144 m²

Instalación Caseta almacén auxiliar:
superficie: 35,88 m²

Instalación Aseos + almacén auxiliar:
superficie: 20,78 m² + 41,30 m²

As delimitacións descritas figuran no anexo nº IV destes pregos.

3º.- Prazo da autorización.

O prazo da autorización para o uso e explotación do quiosco de hostalería e do ecoparque de titularidade municipal será de 12 meses.

4º.- Prezo base.

Fíxase como prezo base de licitación mensual do contrato:

Instalacións totais	Actividade principal	Prezo de licitación*
Quiosco hostalería + terraza Ecoparque	Comercial u hostaleiro	200 €/mes

Os prezos pola utilización do Ecoparque quedan establecidos nos seguintes importes considerados como máximos:

- Usuarios ata 135cm de altura (inclusive): 3 euros.
- Usuarios cuxa altura sexa superior aos 135cm: 6 euros.

A renuncia, por causas xustificadas, da explotación das instalacións unha vez adxudicadas no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte ao da notificación da adxudicación, estimarase como incumprimento e non implicará dereito algún a devolución das cantidades ingresadas, sen prexuízo da aplicación das normas previstas no Regulamento de contratación.

A renuncia da explotación das instalacións, unha vez adxudicadas e transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles establecido no parágrafo precedente, non será válida nin poderá admitirse pola Administración e implicará a obriga do adxudicatario a aboar o canon ofertado, con independencia da súa explotación. No caso de falta de pagamento do canon no prazo sinalado na base oitava, considerarase débeda coa Administración, que poderá reclamala a través dos medios de execución forzosa legalmente establecidos.

5º.- Presentación de ofertas.

O prazo de presentación de ofertas será de dez días hábiles dende a publicación do anuncio da licitación no BOP.

6º.- Normas de procedemento para a adxudicación.





Dentro do prazo establecido no apartado anterior, as persoas interesadas poderán presentar, en sobre pechado,

- A declaración responsable que figura como Anexo I a este prego.
- A súa oferta económica segundo o modelo contido no Anexo II destas bases, debendo ofertar por todo o lote completo (quiosco-hostalería + ecoparque), non se considerarán válidas as ofertas que non consideren o lote completo.

Unha vez realizada a licitación, se un dos adxudicatarios renunciase ao uso das instalacións, estas adxudicaríanse ao ofertante seguinte que máis se aproximase á oferta anterior, pero o prezo da adxudicación quedará fixado polo importe que ofertase o mellor licitador, polo que o titular da segunda oferta terá dereito no caso de renuncia do da primeira ao uso e explotación das instalacións sempre e cando asuma voluntariamente o aboamento do importe que fose ofertado como mellor oferta, de xeito que o valor do posto quede invariable con independencia das renuncias que puideran existir.

A oferta deberá expresarse en euros e comprenderá o canon mensual que propón o licitador.

7º.- Apertura das ofertas recibidas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, convocarase a mesa de contratación, aos efectos de ditaminar as ofertas recibidas e a posterior proposta de adxudicación.

8º.- Adxudicación.

A adxudicación do uso do quiosco-hostalería e do ecoparque corresponderá á Xunta de Goberno Local, atendendo á proposta realizada pola mesa de contratación e será firme dende a recepción da notificación por quen resulte adxudicatario, o cal será notificado das cantidades económicas que se deriven da dita adxudicación.

Sen este ingreso, non adquirirá firmeza a adxudicación realizada.

9º.- Obrigas dos adxudicatarios.

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) *Económicas*.- Ademais do aboamento do canon de adxudicación da xestión e explotación do quiosco-hostalería e do ecoparque, estarán obrigados a:

a) Presentar unha fianza polo importe de 3.000 €, para responder das instalacións das que vai facer uso, da limpeza e mantemento das mesmas. A tal efecto, dita fianza será constituída unha vez notificado a resolución pola que resulte clasificado, previa a adxudicación do uso do quiosco-hostalería e do ecoparque.


Dita fianza será devolta unha vez sexa verificado polo responsable do contrato o cumprimento do mesmo, así como o bo uso das instalacións e entrega do material que se describe no Anexo III.


b) O adxudicatario non pode ter débedas pendentes co Concello de Riveira, e a tal fin presentarán a correspondente certificación.

c) É obriga do adxudicatario facerse cargo dos custes enerxéticos derivados do uso da instalación quiosco-hostalería, que serán remitidos polo Concello de Riveira.

d) É obriga do adxudicatario facerse cargo dos custes do anuncio publicado nun xornal de maior difusión.

e) Pagar as taxas recollidas na Ordenanza fiscal número B.1.12 por recollida de residuos.





2) *Limpeza.*- O adxudicatario estará obrigado a efectuar o depósito de desperdicios de lixo derivados da súa actividade nos contedores de recollida de residuos municipais máis próximos, no horario previsto na Ordenanza municipal de limpeza, e nas condicións que sinala a normativa (os residuos recolleranse en bolsas debidamente pechadas e farase a separación por fraccións segundo o modelo xestión implantado). O adxudicatario deberá limpar diariamente as instalacións do quiosco-hostalería incluída a terraza, o almacén próximo, así como o seu entorno, e o ecoparque, así como o seu entorno, ademais dos baños públicos que se ubican próximos ao quiosco-hostalería. Nos baños públicos, terá a obriga de mantelos en óptimas condicións de uso así como dispor da reposición diaria de papel hixiénico e xabón.

3) *Fiscais.*- O adxudicatario, con anterioridade ao inicio da actividade, deberán achegar unha declaración xurada de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia fiscal e de Seguridade Social así como de non estar incurso en causa algunha que lles impida contratar coa administración, de conformidade co previsto na lexislación de contratos das Administracións Públicas e presentar o recibo da licenza fiscal co epígrafe correspondente da actividade de que se trata.

5) *Instalación eléctrica.*- O tendido eléctrico, deberá ter as máximas condicións de seguridade, sendo da súa responsabilidade os danos que fosen causados a persoas ou bens por deficiencias na instalación.

6) *Uso das instalacións.*- Queda totalmente prohibido o uso das instalación para os fins non previstos neste prego.

7) *Instalacións.*- Queda totalmente prohibida a execución de obras de fábrica ou reforma das instalacións existentes sen a previa autorización municipal, solicitando a mesma por escrito.

8) *Autorización.*- A autorización pola que se permite o uso e explotación das instalacións de titularidade municipal, ten carácter condicional e precario, polo que a Corporación, en calquera momento, poderá acordar a finalización do uso se non se cumpren as condicións establecidas, ou ben, por motivos de interese público.

A autorización municipal non exige de obter as demais autorizacións, licencias e permisos que legalmente podan ser esixibles.

9) As instalacións deberán permanecer abertas ao público de xeito que presten o servizo para o cal foron autorizadas, non podendo permanecer pechadas máis de 3 días consecutivos, implicando esta falla de utilización do permiso, a caducidade do título, sen prexuízo da incautación da fianza por incumprimento.


Queda fixado tamén un horario de apertura e peche das instalacións (quiosco-hostalería e ecoparque), aplicable durante todos os días da semana, de xeito que a apertura realizárase a partir das 11 horas e o peche non poderá ir máis aló das 23 horas, cun mínimo de 5 horas diarias.

Considerarase incumprimento deste horario o feito de que a instalación permaneza pechada durante máis de 3 días consecutivos durante o horario de mañá (das 11 ás 16 horas) ou de tarde (das 16 ás 23 h), e posibilitará a declaración de caducidade do título, sen prexuízo da incautación da fianza, xa que en todo caso a natureza das instalacións é para que dean servizo aos visitantes ao Parque Periurbano durante todo o día.

10) Serán causa de caducidade, parcial ou total, desta autorización, as seguintes:

- A alteración dos usos autorizados.
- Aumento da ocupación autorizada en máis dun 10%.
- Almacenamento exterior de materiais ou depósitos de residuos das explotacións.
- Evacuar ou verter augas sucias e residuos sólidos.
- A instalación de fosas sépticas non autorizadas.





- Incumprimento das obrigas e condicións desta autorización.

11) *Dereito supletorio.*- No non previsto neste prego, será de aplicación o disposto na normativa xeral aplicable.

12) *Seguro de Responsabilidade Civil.*- O adxudicatario deberá presentar unha póliza de seguro de Responsabilidade Civil, cuxa actividade asegurada sexa o obxecto do contrato, cun límite xeral non inferior a 300.000 € por sinistro e un sublímite por vítima non inferior a 150.000 €, a franquicia non poderá ser superior aos 150 €.

As coberturas mínimas serán: RC Explotación e RC Patronal.

Riveira, 30 de maio de 2017.

O Alcalde.

Manuel Ruiz Rivas

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.


1.- Vistos os escritos presentados por **José Seráns Sampedro**, de datas 15/02/2017, 04/05/2017 e 11/05/2017 (Rexistros de entrada nº 2.508, 7.238 e 7.680), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar no lugar de de Saíñas s/n, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A007001450000KG.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 15/05/2017, ao disposto no informe técnico da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 31/05/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER ao Sr. José Serans Sampedro **LICENZA DE OBRAS (Nº 27/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** no lugar se Saíñas s/n, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A007001450000KG, nos termos do Proxecto Básico de xaneiro de 2017 redactado polo arquitecto José Luis Bande Mariño:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*







- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxas sitas ao longo dos viais, refléxase unha superficie de cesión en total de 65,06 m²), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 805,03 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
 - A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
 - Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
 - O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do






9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.





Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederá a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*


VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.


Visto o escrito presentado por **Jerónimo Manuel Oujo Sampedro**, de data 31/05/2017 (Rexistro de entrada nº 8.996), no que solicita certificación urbanística en relación a finca sita en Reiriz (Olvéira) con refª catastral nº 15074A045004600000KG.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 06/06/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

- 1.- A parcela obxecto do presente informe correspóndense coa seguinte referencia catastral:





.- 15074A0450004600000KWG

2.- A presente parcela atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico**.

3.- Puido comprobarse que parte da parcela está dentro da delimitación da categoría de solo rústico ordinario e, parte da mesma dentro da categoría de solo rústico de protección forestal. No presente caso será de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección forestal/protección ordinaria), en aplicación do disposto ó respecto pola súa disposición transitoria primeira desta lei.

4.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo 31.1 da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, na que se establece que o réxime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluir que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

Artigo 31. *Concepto e categorías*

1. Terán a condición de solo rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.

c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **María Dolores Ageitos Gude** (Rexistro de entrada P.L. nº 119217), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito en lugar de Ameixida, nº 54 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 31/05/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **María Dolores Ageitos Gude** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible sito en lugar de Ameixida, nº 54 (Castiñeiras).


- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 02/06/2017, na que solicita, entre outros, a aprobación do programa para a celebración das Festas de Artes os días 16 ao 18/06/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o programa para a celebración das Festas de Artes os días 16 ao 18/06/2017, según a citada proposta.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Cadro de Vacacións-ano 2017 do persoal municipal, presentado pola Técnico de Persoal, Ariana Cajaraville Chacón, de data 07/06/2017.





SOLICITUDES DE SUBVENCIONS.

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón**, de data 05/06/2017, en relación á Orde do 4 de maio de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (DOG 23/05/2017, núm. 97).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de **Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, ao amparo da orde citada anteriormente, unha subvención en especie de equipamentos de emerxencia, para o equipamento da "Liña 4: Baúis de salvamento".

Segundo.- Aceptar as condicións e demais requisitos esixidos na convocatoria.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 8 de xuño de 2017

O presidente da sesión

M^a Herminia Pouso Maneiro

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

